

Valentino
Prufini e
Akil
Pillabán
viaxe^{de} a Milán



valentino rufini e âkil pillabán de viaxe a milán (e van sen un can)

Talía Teatro. presenta o espectáculo **VALENTINO RUFINI E ÂKIL PILLABÁN DE VIAXE AMILÁN (E VAN SEN UN CAN)** baixo a autoría e dirección de Roberto Salgueiro.

O texto foi publicado pola editorial Baía no ano 2009 e é lectura recomendada nos centro de ensino de primaria.

Nesta ocasión apostamos por un pequeno reparto de dous actores cunha ampla traxectoria na compañía: Dani Trillo e Diego Rey.

Dirixímonos con esta montaxe a un público infantil e familiar.



sinopse

Século XVIII. Italia. O cabaleiro Valentino Rufini de regreso á súa casa en Milán é abandonado polo seu criado, que lle marcha cos cartos.

Só, carregando co seu baúl de viaxe, e coa faldriqueira baleira, decide pasar a noite nunha casa en ruínas no camiño por onde pasa a carruaxe a Milán.

No mesmo lugar decide tamén pasar a noite Âkil Pillabán, a quen a súa ama deixou composto, sen cartos e cun baúlcheo de traxes de señora ostentosa vida a menos.

Ambos os dous coñeceranxe e compartirán a noite, e con ela, desexos, sospeitas e medos, mentres agardan a quede mañá pase a carruaxe.



algo máis sobre o espectáculo

Esta farsa que respira da comedia da arte está ambientada na Italia do século XVIII e conta a historia de dous personaxes ben diferentes e, ao tempo, moi semellantes. Valentino Ruffini é un poeta que non consegue publicar os seus libros en Venecia e de regreso á súa cidade natal, Milán, é abandoado polo seu criado. Sen cartos e apesarado pola súa mala sorte decide pasar a noite nunha casa en ruínas, ás aforas de Venecia. Pola súa parte, Âkil Pillabán, magrebí que traballaba no mundo da construción, á abandoado pola súa ama coa que tamén viaxaba a Milán, e igualmente decide pasar a noite na mesma casa

onde se refuxia Valentino.

Coñeceranse alí, e xuntos agardarán pola carruaxe que vai a Milán para pedir auxilio. Xuntos pasarán a tarde, a noite e verán chegar un novo día. A desconfianza entre eles e o medo que os une provocarán divertidas historias

coa que se artella un espectáculo que trata de reflexionar sobre a diferenza cultural, a desconfianza ao descoñecido e, por riba de todo, a necesidade de comprender que todos somos iguais, malia a cor da pele, das relixións e das posicións sociais.

Trátase, en definitiva, dun espectáculo para ver en familia, para rir sen medo e, ao tempo, para pensar sen prejuízos.



equipo artístico

ESCENOGRAFÍA Roberto Salgueiro

VESTIARIO e ILUMINACIÓN Roberto Salgueiro

DESEÑO GRÁFICO Blanca Barrio

MAQUILLAXE Martina Cambeiro

REALIZACIÓN ESCENOGRAFÍA Rodrigo Roel

REALIZACIÓN VESTIARIO Clotilde Vaello

AXUDANTE DE DIRECCIÓN Marta Ríos

TEXTO E DIRECCIÓN Roberto Salgueiro



Producóns Teatrais Talía S.L.
Rúa Touro, 31-3ºb
15704 Santiago de Compostela

**Tfno.-981943242
info@taliateatro.gal**

www.taliateatro.gal